

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2014

## PREVISIÓN INFORMATIVA

<b>Asunto</b>	Clausura do curso da Cátedra de Hidroloxía Médica USC-Balnearios de Galicia
<b>Organiza</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Asociación de Balnearios de Galicia</li><li>• Universidade de Santiago de Compostela</li></ul>
<b>Lugar</b>	Edificio docente Roberto Novoa Santos ( <b>aula 4</b> ) Complejo Hospitalario Universitario de Santiago
<b>Data</b>	<b>luns, 9 de xuño (18:30-20:30 h)</b>

## **O director médico do Balneario de Guitiriz, Salvador Ramos, tratará o vindeiro luns o valor dos balnearios como escolas de saúde**

### **Será na clausura da Cátedra de Hidroloxía Médica da Universidade e a Asociación de Balnearios de Galicia**

*(Vía Láctea Comunicación).*- O vindeiro luns, 9 de xuño, clausúrase o curso da Cátedra de Hidroloxía Médica da Universidade de Santiago e a Asociación de Balnearios de Galicia. Será ás 18:30 horas, no edificio docente Roberto Novoa Santos, anexo ao Complejo Hospitalario Universitario de Santiago. No marco deste acto, o director médico do Balneario de Guitiriz, o doutor **Salvador Ramos**, abordará a importancia actual dos centros termais como escolas de saúde.

Pola súa parte, o doutor **Luís Rodríguez Míguez**, codirector da Cátedra, pronunciará unha conferencia, na que afondará na importancia e evolución dos balnearios galegos ao longo da historia. Tamén intervirá o director da Cátedra e decano da Facultade de Medicina da USC, o doutor **Juan Gestal Otero**.

Ao acto asistirán ademais o xerente da Asociación de Balnearios de Galicia, **Benigno Amor**; a directora médico dos balnearios de Caldaria Termal e coordinadora docente desta iniciativa, a doutora **Dolores Fernández Marcos**; xunto con outros profesores que participaron nesta experiencia ao longo do curso.

PRENSA Asociación de Balnearios de Galicia / [www.balneariosdegalicia.com](http://www.balneariosdegalicia.com)

981 554 407 / 639 768 929 ..... [www.vialactea.es](http://www.vialactea.es)